

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio aprobación definitiva ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI)

EXPEDIENTE 2023/G015/000001. Aprobación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI).

ANUNCIO

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI).

O Concello en Pleno, en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2023, aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI).

Durante o período de exposición ó público non se formularon reclamacións, elevándose a definitivo o acordo municipal adoptado, en aplicación do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, entrando en vigor ao día seguinte á publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a disposición xeral que se transcribe poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 10.1.b da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito .

O texto íntegro da presente ordenanza é o seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DO PUNTO DA ATENCIÓN A INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE TOURO

XUSTIFICACIÓN E EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 251 do 31/12/2021) modificou o título da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, quedando redactado como sigue: “Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos”, e engádelle un novo apartado 7, co seguinte texto: “Co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle.”

A Xunta “pagará a contía equivalente que lle correspondería aboar ás familias pola atención educativa aplicando as ordenanzas municipais.” De aí a necesidade de seguir actualizando os tramos de renda per cápita segundo a última actualización publicada pola Consellería de Política Social.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e conforme ó establecido no artigo 19 da Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís de 0-3 anos e os puntos de atencións á infancia dependentes das Corporacións Locais, o Concello de Touro establece a taxa pola prestación do servizo de Punto de Atención a Infancia do concello de Touro (PAI), que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

En base ao recollido na exposición de motivos respecto a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 251 do 31/12/2021) que modificou o título da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e do novo apartado 7; e para dar cumprimento á mesma, modifícase esta Ordenanza Fiscal, pola que os usuarios/as do servizo do PAI terán unha bonificación do 100% a partir do curso 2023/2024

e, en diante, do pagamento da taxa e da matrícula correspondente. Así a partir de setembro de 2023, a taxa que lle correspondería aboar a cada usuario/a será aboada pola Dirección Xeral de Familia, a través da publicación dunha orde de subvencións para todos os Concellos que a soliciten e teñan implantado un sistema de copagamento equivalente ao réxime de prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible o constitúe a prestación do servizo pola asistencia dos/as menores que previa solicitude dos seus pais ou titores/as, cumprindo os requisitos legais, sexan admitidos no PAI.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, a efectos de solicitar á Xunta a contribución que lles correspondería aboar, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

2.- Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais, titores/as ou calquera outro representante legal a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES

Os pais ou titores/as e aquelas persoas que ostentan a representación legal do/a menor ou solicitasen a inscrición do/a menor.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA

TARIFAS:

1.- Taxa por asistencia

A taxa por asistencia ao PAI fixarase, para solicitar a subvención antes indicada, en función dos tramos de renda per cápita que teñen en conta o IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples).

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre esta taxa aplicaranse as reducións que se recollen na Resolución do 7 de agosto de 2013, da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos por Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, modificado por Decreto 91/2014, do 17 de xullo. Todo isto sen prexuízo das actualizacións que se realicen cada curso escolar en base ao IPC pola Comunidade Autónoma de Galicia sobre dita taxa de asistencia e reducións aplicables.

Cando o/a alumno/a teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, a taxa de asistencia reducirase no 50 % da taxa que lle correspondería aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar. Enténdese por media xornada cando o neno/a permanece no PAI un máximo de 4 horas; e considérase xornada completa cando o neno/a permanece no PAI máis de 4 horas ao día.

O pagamento da matrícula tamén queda bonificada para os pais e nais do servizo do PAI.

As presente tarifas teranse en conta aos efectos de poder calcular a taxas a aboar polos/as usuarios/as do servizo do Punto da Atención á Infancia do Concello de Touro, de cara á presentación da solicitude de subvención perante a Consellería de Política Social, que pagará a contía equivalente que lle correspondería aboar ás familias pola atención educativa aplicando as ordenanzas municipais; pois, a partires do curso 2022-2023 establécese a gratuidade do servizo en aplicación da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

2.- Taxa por servizos complementarios.

Prezo: Servizo de catering: 90 €/mensuais.

Pago: O pago realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes ao que corresponda. O pago pode facerse efectivo por ingreso, domiciliación ou transferencia bancaria nunha das contas habilitadas polo concello para tal fin e que serán facilitadas ás familias interesadas no servizo.

A falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota se está non é inferior a unha semana (luns a venres), sendo necesario a previa comunicación de non asistencia da/o menor por parte dos seus pais, titores, ou calquera outro representante legal.

A falta de pagamento de unha mensuralidade, durante o período dun ano e previo requirimento de pago, orixinará a cancelación do servizo.

ARTIGO 6º.- BASE DE CÁLCULO

Para calcular as tarifas dos/as usuarios/as do servizo, que despois se aboarán ao Concello de Touro pola Xunta de Galicia, a través da correspondente orde de subvencións, teranse en conta os seguintes apartados:

- Para os efectos do disposto nesta ordenanza, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

- Enténdese por unidade familiar, para os efectos desta ordenanza, a formada polos pais e fillos menores de dezoito anos ou fillos maiores de dezoito anos, cunha minusvalía superior ao 33% por cento. No caso de familias monoparentais, e para efectos do cálculo da renda per cápita ao que se refire o parágrafo anterior, incrementase nun 0.8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

- Para os efectos desta ordenanza, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral maila base imponible do aforro do IRPF.

- Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas ás que fai referencia obtense como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración, os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

- Os ingresos da unidade familiar que non exista obriga de incluír na declaración da renda (pensións de alimentos, compensatorias, etc.), e que se engadirán a aqueles, teranse en conta coas actualizacións correspondentes establecidas na resolución que as recoñezan.

- De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste artigo, poderase presentar un informe dos Servizo Sociais do Concello correspondente.

A documentación citada anteriormente fará referencia ás circunstancias existentes no momento de abrir o prazo de renovación, novo ingreso e matrícula.

Achégase a última táboa actualizada das contías en función do IPREM dada pola Consellería de Política Social, e correspondente ao curso 2023-2024.

Renda per cápita	IPREM	Xornada completa	Media xornada
Ata 30% IPREM	Ata 173,71€	0€/mes	0€/mes
Entre 30 e 50% IPREM	Entre 137,72€ e 289,51€	0€/mes	0€/mes
Entre 50 e 75% IPREM	Entre 289,52€ e 434,26 €	34,91€/mes	17,46€/mes
Entre 75 e 100% IPREM	Entre 434,27€ e 579,02€	69,81€/mes	34,91€/mes
Entre 100 e 125% IPREM	Entre 579,03€ e 723,77€	112,13€/mes	56,06€/mes
Entre 125 e 150% IPREM	Entre 723,78€ e 868,53€	133,29€/mes	66,65€/mes
Entre 150 e 200% IPREM	Entre 868,54€ e 1.158,04€	147,05€/mes	73,52€/mes
Desde 200% IPREM	Desde 1.158,05€	169,26€/mes	84,63€/mes

ARTIGO 7º.- BENEFICIOS FISCAIS: DESCONTOS E BONIFICACIÓNS**1- Descontos**

Segundo as circunstancias da unidade familiar, das cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos:

- 20 % no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa e presenten o título correspondente.
- 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- 20% no caso de asistencia dalgún/ha irmá/n ao mesmo centro.
- 20% no caso dun/ha neno/a con discapacidade física ou psíquica
- As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda fillas /o que acuda a mesma escola infantil.
- As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

Os descontos anteriores, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.

2.- Circunstancias especiais

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitud fora do prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que habería que ter en conta terá un desconto dun 50 %.

A falta de asistencia do/a usuario/a durante un período determinado non supón ningunha redución, nin exención de tarifa mentres non se formalice a baixa correspondente.

Ademais terase en conta o disposto na Disposición Derradeira do Regulamento de Organización do PAI (Ante circunstancias extraordinarias resolverá o/a alcalde/sa.)

Os presentes descontos e circunstancias especiais teranse en conta aos efectos de poder calcular a taxas a aboar polos/as usuarios/as do servizo do Punto da Atención á Infancia do Concello de Touro, de cara á presentación da solicitud de subvención perante a Consellería de Política Social, que pagará a contía equivalente que lle correspondería aboar ás familias pola atención educativa aplicando as ordenanzas municipais; pois, a partires do curso 2022-2023 establécese a gratuidade do servizo en aplicación da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

3.- Bonificacións

Con esta Ordenanza se aplica a bonificación total do 100% de pagamento das cotas aos usuarios deste servizo a partir do curso 2022/2023, segundo a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 251 do 31/12/2021) que modificou o título da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, quedando redactado como sigue: "Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos", e engádelle uno novo apartado 7, co seguinte texto: "Co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle."

ARTIGO 8º.- REVISIÓN DA TAXA

Ao longo do curso poderase proceder á revisión da taxa fixada inicialmente cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas aos seguintes casos:

1.- A modificación das variables que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de taxas públicas.

2.- As variacións nos seus ingresos que impliquen unha modificación substancial na súa capacidade económica. Só se terán en conta as variacións que supoñan unha diminución ou incremento de mais do 20% no cómputo anual fronte os ingresos declarados na solicitud de praza, ou de ser o caso, nunha variación posterior. Estas variacións deberán ter unha duración dun mínimo de 4 meses para ser tidas en conta e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola Axencia Estatal ou por calquera outra documentación, que a xuízo da técnica correspondente, xustifique e permita un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.

3.- A variación no número de membros da unidade familiar, se fose o caso.

Neste senso a/o beneficiario/a queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

A modificación da taxa, se é o caso, será resolta polo persoal técnico correspondente do Concello de Touro e aplicaríase a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

A presente regulación terase en conta aos efectos de poder calcular a taxas a aboar polos/as usuarios/as do servizo do Punto da Atención á Infancia do Concello de Touro, de cara á presentación da solicitud de subvención perante a Consellería de Política Social, que pagará a contía equivalente que lle correspondería aboar ás familias pola atención educativa aplicando as ordenanzas municipais; pois, a partires do curso 2022-2023 establécese a gratuidade do servizo en aplicación da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

ARTIGO 9º.- XESTIÓN DA TAXA

1.- A non asistencia do usuario/a ao centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da taxa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

2.- Os criterios de aplicación da presente Ordenanza están adaptadas á Orde da Xunta de Galicia pola que se regulan os procedementos de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 anos, segundo o curso correspondente, polo que calquera interpretación sobre a súa aplicación axustarase á citada normativa.

A presente regulación terase en conta aos efectos de poder calcular a taxas a aboar polos/as usuarios/as do servizo do Punto da Atención á Infancia do Concello de Touro, de cara á presentación da solicitude de subvención perante a Consellería de Política Social, que pagará a contía equivalente que lle correspondería aboar ás familias pola atención educativa aplicando as ordenanzas municipais; pois, a partires do curso 2022-2023 establécese a gratuidade do servizo en aplicación da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

ARTIGO 10º.- SUSPENSIÓN TEMPORAL DA TAXA

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 3º, non lle correspondería abonar a cota durante os seguintes períodos:

1.- Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días.

2.- Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, estaríase exento da cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de non asistencia ao centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a incorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reduciríase nun 50% . En todos os casos deberán xustificar a circunstancia que a motiva.

A presente regulación terase en conta aos efectos de poder calcular as taxas a aboar polos/as usuarios/as do servizo do Punto da Atención á Infancia do Concello de Touro, de cara á presentación da solicitude de subvención perante a Consellería de Política Social, que pagará a contía equivalente que lle correspondería aboar ás familias pola atención educativa aplicando as ordenanzas municipais; pois, a partires do curso 2022-2023 establécese a gratuidade do servizo en aplicación da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

ARTIGO 11º.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POR PARTE DOS/AS TITORES/AS LEGAIS

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación, para calcular as tarifas dos/as usuarios/as do servizo, que despois se aboarán ao Concello de Touro pola Xunta de Galicia, a través da correspondente orde de subvencións:

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SITUACIÓN FAMILIAR

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte dos pais ou titores legais
- Fotocopia compulsada do libro de familia onde apareza o neno/a e se non, outro documento que acredite oficialmente a situación

DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA SITUACIÓN ECONÓMICA

- Declaración da renda ou certificación de estar exento de facela
- Última nómina ou no caso de autónomos xustificante do último ingreso á conta trimestral
- Certificación do INEM acreditativa da situación de desemprego e da recepción ou non de prestacións

DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DE INCIDENCIAS FAMILIARES OU SOCIAIS QUE INFLÚAN NA ADMISIÓN DOS NENOS

- Título de familia numerosa
- Informe dos equipos de valoración e orientación dependentes da Consellería de Política Social ou órgano competente na materia na Administración do Estado ou nas correspondentes Comunidades Autónomas sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración nos caso de nenos con discapacidades
- Informe dos servizos sociais do Concello sobre a inclusión da familia do neno nos programas de intervención familiar das Consellería de Sanidade, ou da Consellería de Política Social ou órgano competente na materia, que veñan desenvolvendo os devanditos servizos sociais do Concello

OUTROS DOCUMENTOS QUE XUSTIFIQUEN INCIDENCIAS QUE SUPOÑAN UNHA ESPECIAL SITUACIÓN FAMILIAR OU ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR (indicar cales)

- _____
- _____

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Para o non regulado nesta Ordenanza estarase ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Real Decreto Legislativo 2/2014, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e ao recollido no Decreto 91/2014, do 17 de xullo, polo que se modifica o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desa consellería, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, modificada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 251 do 31/12/2021).

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

De conformidade co artigo 17.4 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez que, tras a súa aprobación definitiva polo Plenario Municipal, ou elevación da aprobación provisional a definitiva no caso de non presentarse reclamacións á mesma, se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día seguinte da súa publicación, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así mesmo, o texto estará a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodetouro.com) e no portal de transparencia aloxado na sede electrónica deste Concello [<http://sede.touro.gal>].”

Touro, 2 de agosto de 2024

O alcalde, Roberto Castro Rocamonde

2024/5584